



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CERCEDA

Secretaría

Convocatoria das bases das axudas municipais para desprazamentos con fin escolar curso 2021/2022

ANUNCIO

Aprobación de bases reguladoras da convocatoria de axudas municipais para os desprazamentos co fin escolar para o curso 2021/2022

Por Decreto da Alcaldía-Presidencia nº 917 de 3 de novembro de 2021, aprobaronse as bases reguladoras da convocatoria de axudas municipais para os desprazamentos con fin escolar para o curso 2021/2022, o que se fan públicas os efectos de inicio de prazo de solicitude das mesmas.

“BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA OS DESPRAZAMENTOS CON FIN ESCOLAR PARA O CURSO 2021/2022

1. OBXECTO.

O obxecto das presentes bases é apoiar aos estudantes que cursen estudos de bacharelato, de ensinanza de réxime especial, formación profesional ou universitaria favorecendo o seu acceso aos centros de ensino públicos mediante unha axuda económica para os gastos derivados da utilización de calquera tipo de transporte para acceder aos mesmos.

2. CONTÍA DAS AXUDAS.

A contía da axuda para o curso escolar 2020-2021 será de 250,00 € para todo o alumnado que cumpra os requisitos establecidos no punto 4 das bases.

No caso de que o importe das axudas concedidas sexa superior ao crédito dispoñible, ratearase este entre todas as solicitudes de xeito que as axudas concedidas sufriran unha diminución da cantidade concedida.

No caso contrario, se unha vez concedidas as axudas continúa existindo crédito dispoñible propoñeranse para a súa concesión ao alumnado solicitante que inicialmente non foran considerados como beneficiarios por superar os ingresos esixidos, sempre de menor a maior segundo os ingresos. No caso de conceder unha axuda entre dous ou máis irmáns solicitantes concederase a de menor importe.

3. PERSOAS BENEFICIARIAS.

Poderán solicitar as presentes axudas as persoas físicas, pai, nai, titor/a, familia acolledora ou calquera outro que ostente a tutela de un/unha ou varios menores escolarizados en centros de ensino público ou concertado nos que se impartan estudos de bacharelato e formación profesional de grao medio e superior, ensinanzas de réxime especial ou universitarios e para os que sexa necesario desprazarse fóra do concello e que reúnan os requisitos establecidos no punto 4 destas bases.

Así mesmo, tamén poderán solicitar as axudas os/as estudantes maiores de idade.

1. Consideración de unidade familiar.

Para os efectos previstos nestas bases, considérase que forman parte da unidade familiar:

a) Pai e nai non separados legalmente e, se é o caso, o/a titor/a ou persoa encargada da garda e protección do menor, e os fillos/as que figuren empadroados/as e residan no domicilio familiar, solteiros e menores de 26 anos ou de maior idade cando teñan algunha discapacidade.

b) Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

c) No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva coa persoa beneficiaria da axuda. Non obstante, se fose o caso, terá consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa

unida por análoga relación e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar. A separación ou divorcio acredítase mediante sentenza xudicial que o determine ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

No seu caso, terase en conta tamén o importe percibido en concepto de pensión de alimentos do pai/nai que non conviva co alumno/a. Neste suposto, a persoa destinataria da axuda será o pai ou nai que teña atribuída a custodia do/a menor, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza xudicial.

d) No caso de ter separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos proxenitores incluíranse dentro do computo da renda familiar.

e) As separacións de feito acreditaranse mediante certificado de convivencia ou auto de medidas provisionais.

f) A condición de familia monoparental entenderase pola formada por unha única persoa proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que a outra proxenitora non contribúa economicamente ao sustento do/a menor.

En ningún caso poderán ser destinatarios das axudas os proxenitores privados da patria potestade do seus fillos, ou se a tutela ou a garda fora asumida por unha institución pública.

4. REQUISITOS.

1. Poderán ser beneficiarios/as desta axuda as persoas que cumpran cos seguintes requisitos:

a) Estar empadroadado/a e residir de xeito efectivo no Concello de Cerceda e convivir cos menores para os que se solicita a axuda.

b) Que a/o alumno/a para quen se solicita a axuda estea empadroadado no Concello de Cerceda

c) Que a/o alumno/a para quen se solicita a axuda non supere os 25 anos de idade no momento da apertura da convocatoria.

d) Que a/o alumno/a para quen se solicita a axuda curse estudos de bacharelato, formación profesional con título homologado, ensinanzas de réxime especial ou universitarios e para os que sexa necesario desprazarse fóra do concello.

e) Que a unidade familiar da/o alumno/a para quen se solicita a axuda este ao día no pagamento das obrigas tributarias co Concello de Cerceda.

f) Cumprir cos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Terase que acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución que se atopa ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.

g) Que a unidade familiar da/o alumno/a para quen se solicita a axuda teña unha renda per cápita mensual igual ou inferior a 806,76 € (corresponde ao 1,5 veces o IPREM).

2. Non poderán acollerse a estas axudas as persoas que se atopen nos seguintes supostos:

a) Ter solicitada ou concedida para o presente curso lectivo calquera outra axuda económica para o mesmo fin que cubra na súa totalidade os gastos de desprazamento.

b) Desprazarse ao centro educativo en medios de transporte xa financiados por algún organismo público que implique a exención do pago por parte do alumnado que faga uso del.

5. CÁLCULO DA RENDA PER CÁPITA MENSUAL.

1. Enténdese por renda per cápita familiar mensual, a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade familiar computables e entre seis meses.

No caso de que algún membro da familia computable teña recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33% computará por dous.

No caso das familias consideradas monoparentais (segundo o establecido no punto 4.1) o/a proxenitor/a computará por dous.

2. Para o cálculo da renda per cápita familiar terase en conta os datos económicos dos meses desde maio ata outubro do ano 2021 (ambos incluídos) e o importe do IPREM mensual (indicador público de renda de efectos múltiples) do ano 2021 que é de 564,90 € mensuais.

3. A renda familiar obterase da suma das rendas de cada un dos membros computables da familia (de acordo co establecido no punto 3.1) que obteñan ingresos de calquera natureza.

6. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN.

1. As persoas solicitantes da axuda terán que presentar xunto coa solicitude a documentación orixinal que se relaciona a continuación de tódolos membros da unidade familiar que sexan maiores de idade (segundo o establecido no punto 3.1 das presentes bases).

2. Se algunha documentación que se solicita nesta convocatoria xa foi presentada noutra convocatoria de axudas do Departamento de Servizos Sociais e segue en vigor no momento de presentar a solicitude, non teñen obriga de volver a presentala. Neste caso, terá que indicalo na solicitude.

3. Documentación:

a) Solicitude da axuda completamente cuberto, no que se especificará o nome do/a menor, o centro escolar e o nivel escolar que cursará no 2021-2022. (Anexo I)

b) Xustificante da matrícula escolar para o curso 2021-2022

c) Anexos II, III, IV e V debidamente cumprimentados.

d) DNI/NIE/pasaporte en vigor da persoa solicitante da axuda

e) Libro de familia ou documento análogo que os substitúa, de ser o caso.

f) Certificado de discapacidade, de ser o caso.

g) No caso de separación ou divorcio, sentenza ou convenio regulador. En situación de non pagamento da pensión, copia da solicitude de execución de sentenza presentada perante o Xulgado ou xustificante do inicio das actuacións.

h) No caso de unións de feito con fillos/as recoñecidos, sentenza de garda, custodia e alimentos, así como xustificantes das achegas económicas establecidas na mencionada sentenza. En situación de non pagamento copia da solicitude de execución de sentenza presentada perante o xulgado ou xustificante do inicio das actuacións.

Na situación de impago nos casos recollidos nos apartados f) e g), se non se presenta a documentación especificada, considerarase que se está recibindo a contía por pensión compensatoria ou de alimentos establecido inicialmente, computando esas cantidades como ingresos efectivos.

i) No caso en que os menores estean en situación de acollemento familiar por resolución administrativa ou auto xudicial, deberase acreditar mediante copia do certificado do organismo competente e, se é o caso, a contía de remuneración.

j) Informe de vida laboral completo e actualizado da Tesourería da Seguridade Social. No caso de telo solicitado presentarse a copia do xustificante da mencionada solicitude e o informe achegarase en canto sexa emitido e recibido.

k) Certificado do IBAN bancario onde se vai a realizar o ingreso da axuda a nome da persoa solicitante.

l) Tarxeta de demandante de emprego

m) O empadramento e convivencia comprobarase de oficio dende o departamento de Servizos Sociais.

4. Documentación para a xustificación dos ingresos da unidade familiar:

a) Persoas traballadoras en activo:

– Por conta allea: fotocopia das nóminas dos meses de febreiro a xullo incluída a nómina da paga extra, de ser o caso.

– Por conta propia: fotocopia do pagamento a conta do IRPF dos dous últimos trimestres.

– Traballadores da agraria: xustificación dos ingresos relativos á mesma, dos meses de febreiro a xullo.

– En situación de ERTE: xustificación dos ingresos dos meses de febreiro a xullo.

b) Persoas que perciben una pensión/ prestación:

– Pensións/prestacións procedentes do INSS, ISM, da Xunta de Galicia, clases pasivas ou calquera outra, incluídas as percibidas do estranxeiro: xustificante da pensión dos meses de febreiro a xullo.

– Persoas demandantes de emprego con prestación/subsidio: certificado da prestación dos meses de febreiro a xullo, con indicación da contía mensual que corresponda e período recoñecido.

– Perceptores de RISGA: a documentación figura no Departamento de Servizos Sociais polo que non terán que achegar xustificación da contía mensual.

– No caso de acollemento familiar remunerado: xustificación da contía mensual da prestación.

7. PRAZO DE SOLICITUDE.

As persoas solicitantes deberán presentar a súa instancia coa documentación requirida en cada caso, no Rexistro Xeral do Concello de Cerceda ou tramitala por calquera das formas previstas no Art. 16 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 20 días naturais, a contar a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

8. TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES.

A instrución do procedemento de concesión das axudas corresponde ao persoal do Departamento de Servizos Sociais que, realizará de oficio, cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución.

Aos efectos previstos no artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións o órgano instrutor emitirá un informe proposta coa listaxe provisional no que se faga constar que da información que obra no seu poder despréndese que as persoas beneficiarias cumpran cos requisitos para poder acceder ás axudas. Se non se achega toda a documentación requirida para solicitar as axudas, as persoas interesadas disporán dun prazo de 10 días naturais para presentar as reclamacións oportunas e/ou emendar documentación. Á vista das alegacións presentadas, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións ou no caso de que este trámite non fose necesario de acordo co establecido no parágrafo anterior, a proposta de resolución provisional terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

A resolución definitiva deberá conter a relación das persoas beneficiarias e o importe da axuda concedido e a desestimación do resto das solicitudes indicando o motivo da mesma.

Tanto a resolución provisional como a resolución definitiva serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Cerceda e na páxina web municipal (www.cerceda.org). Estas publicacións substituirán á notificación nos termos que se establecen nos artigos 59 e 60 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O órgano competente para a concesión das axudas será a Xunta de Goberno Local previo informe da Intervención Municipal.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das axudas poderá dar lugar á modificación da resolución.

9. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

1. Dada a especificidade desta convocatoria, enténdese que a xustificación se cumpre coa presentación da documentación esixida para poder ser persoa beneficiaria da axuda

2. O pagamento da axuda concedida farase efectivo logo da valoración das solicitudes presentadas e unha vez aprobada a resolución coa listaxe definitiva das axudas concedidas e as denegadas.

10. DISPOÑIBILIDADE ORZAMENTARIA.

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria, reservárase crédito na partida 326.480.00: "Ensino. Premios e bolsas" dos vixentes orzamentos do Concello de Cerceda, por un importe total de 5.000,00 €.

11. RÉXIME DE RECURSOS.

As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven das mesmas poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e formas previstas na Lei 93/15, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou dentro do prazo dun mes contado a partir do seguinte día ao da súa notificación, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa

DISPOSICIÓN ADICIONAL

No non previsto nestas bases será de aplicación a Ordenanza Xeral de Subvención do Concello de Cerceda, (BOP núm. 120, do 26 de xuño de 2014), así como na lexislación estatal e autonómica en materia de subvencións."

SOLICITUDE AXUDAS PARA O TRANSPORTE CURSO 2021/2022

(ANEXO I)

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (pai/nai/titor/a):

D./Dna.co DNI.....

e enderezo enteléfono.....

SOLICITA:Axuda municipal para o transporte para o curso 2021/2022 para, *(cobrir cos datos do/a estudante)*

.....co DNI.....

data nacemento...../...../.....matriculado/a no cursopara o curso escolar 21/22 no centro educativo.....

Documentación que achega:

- | | |
|---|--|
| <input type="radio"/> DNI persoa solicitante | <input type="radio"/> Libro de familia |
| <input type="radio"/> ANEXO II. Información protección de datos | <input type="radio"/> Anexo III |
| <input type="radio"/> ANEXO IV | <input type="radio"/> Anexo V |
| <input type="radio"/> RISGA | <input type="radio"/> Certificado de discapacidade |
| <input type="radio"/> Resolución de acollemento | <input type="radio"/> Certificado IBAN bancario |
| <input type="radio"/> Sentenza ou convenio regulador | <input type="radio"/> Vidas laborais |
| <input type="radio"/> Tarxetas de demandantes de emprego | <input type="radio"/> Xustificante pensión |
| <input type="radio"/> Nóminas últimos 6 meses (maio a outubro) | <input type="radio"/> Xustificante prestación |
| <input type="radio"/> Xustificante situación ERTE | <input type="radio"/> Xustificante ingresos autónomos/as |
| <input type="radio"/> Xustificante da matrícula escolar curso 21/22 | <input type="radio"/> Xustificante ingresos da agraria |
| <input type="radio"/> Outros..... | |
| | |
| | |

Cerceda, de de 2021.

Asdo.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CERCEDA

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS – SERVICIOS SOCIAIS**(ANEXO II)**

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos datos persoais é CONCELLO DE CERCEDA, con dirección en AVENIDA DO MESÓN 21, 15185 - CERCEDA (A CORUÑA); alcaldia@cerceda.es

Os datos serán empregados para prestarlle o mellor servizo no marco das funcións que sexan competencia dos Servizos Sociais do CONCELLO DE CERCEDA.

Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo e, no suposte de solicitar a supresión dos mesmos, serán conservados ata que se vexa cumprido o prazo de prescrición de posibles responsabilidades derivadas do tratamento

Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular.

Cerceda,dede 2021.

Asdo.-

COMPROBACIÓN DE DATOS DOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR

(ANEXO III)

Deberase indicar os datos dos membros da unidade familiar conforme o establecido no punto 3.1 das presentes bases.

NOME E APELIDOS	DNI	PARENTESCO	DATA NACEMENTO	DISCAPACIDADE

As persoas abaixo asinantes autorizan ao Concello de Cerceda a solicitar á Axencia Estatal de Administración Tributaria, a información de natureza tributaria para a comprobación do cumprimento das súas obrigas tributarias para o recoñecemento, seguimento e control da concesión das axudas opara a escolarización correspondentes ao curso escolar 2021/2022.

NOME E APELIDOS	AUTORIZO	SINATURA
	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO	
	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO	
	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO	
	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO	
	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO	

(Esta autorización deberá de cubrirse soamente polas persoas maiores de idade)

DECLARACIÓN XURADA DA PERSOA SOLICITANTE

(ANEXO IV)

D./Dna.
 co DNI....., de conformidade co establecido nas bases que regulan a
 convocatoria pública das axuda municipais para a escolarización para o curso 2021/2022 do
 Concello de Cerceda,

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

- Que non estou incurso/a en ningunha das prohibición para obter a condición de beneficiario/a de subvencións publicas recollida no art. 18 da Lei 38/ 2003, de 17 de novembro, xeral de subvención e 10 de da lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na pola Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cerceda (BOP núm. 120, de 26 de xuño).
- Que **SI** foron solicitadas axudas doutras administracións para a mesma finalidade (*Indicar cales*)

CONCEPTO	IMPORTE	CONCEDIDA	ORGANISMO
		<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO	
		<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO	

- Que **NON** foron solicitadas axudas doutras administracións para a mesma finalidade
- Que coñezo e acepto as bases da convocatoria para a que solicita a axuda
- Que todos os datos incorporados á solicitude se axustan á realidade
- Que quedan informados de que a inexactitude das circunstancias declaradas dará lugar a denegación ou revogación da axuda

Cerceda, de de 2021.

Asdo.

DECLARACIÓN XURADA DO MEDIO DE TRANSPORTE EMPREGADO
(ANEXO V)

D./Dna.,

.....

co DNI número....., como persoa solicitante da axuda económica para desprazamentos con fin escolar para o curso 2021-2022,

DECLARO:

Que a/o alumna/o para quen se solicita a axuda está matriculada/o no curso.....no centro educativo.....

..... do Concello de

Que para desprazarse a diario para asistir ás clases, o medio de transporte que emprega é o seguinte:

- Transporte escolar. (*Indicar a compañía e prezo que debe abonar*).....
- Transporte Metropolitano
- Vehículo propio
- Outro tipo de transporte (especificar).....

E para que conste aos efectos oportunos asino esta declaración en Cerceda, dede 2021.

Asdo.”

Cerceda, 4 de novembro de 2021.

O alcalde-presidente

Juan Manuel Rodríguez García

2021/7818